



Boletín Informativo

Consellería de Educación e
Ordenación Universitaria

Edif. Admin. San Caetano s/n
15781
Santiago de Compostela

Correo: xsoie@edu.xunta.es

PRESENTACIÓN E SINATURA DO ACORDO INTERINSTITUCIONAL DO PLAN GALEGO DE CONVIVENCIA

O día 30 de xaneiro, Día Escolar pola Paz, tiveron lugar o acto de presentación e a sinatura do Acordo Interinstitucional para a Posta en Marcha do Plan Integral para a Mellora da Convivencia en Galicia. Déronse a coñecer as publi-

cacións Plan Integral de Mellora da Convivencia Escolar en Galicia e Plan da Convivencia Escolar. Información sobre o Plan Galego de Convivencia Escolar na páxina web de convivencia. <http://www.edu.xunta.es/convivencia>



ESPECIAL DE ENTROIDO

No Portal Galego de Contidos Educativos, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pódese atopar unha páxina web sobre a celebración do Entroido en Galicia, entendido como un feito social e cultural. Información sobre

máscaras típicas, días de celebración e gastronomía típica destas datas. Encontrarás datos sobre esta celebración no resto de España e noutros lugares do mundo. [Acceso ao recurso](#)



ALUMNADO CON DISCAPACIDADE MOTORA

Envíase a todos os centros educativos o novo número da colección "Orientación e respostas educativas" co que se trata de darlles a coñecer aos integrantes da comunidade educativa as características máis salien-

tables do alumnado con necesidades específicas asociadas á discapacidade motora. [Acceso ao documento.](#)



PROGRAMA DE PROMOCIÓN ESCOLAR "VUELA CON EL BÁDMINTON"

A Federación Española de Bádminton, quiere achegarlles este deporte a todos os centros escolares e dotalos, de forma gratuíta, de material deportivo e didáctico. Os centros interesados deben cubrir un formulario

que atoparán na páxina web da Federación (www.badminton.es).

[Máis información](#)



Contido:

Presentación e sinatura do Acordo Interinstitucional do Plan Galego de Convivencia.	1
Especial de Entroido.	1
Alumnado con discapacidade motora.	1
Programa de promoción escolar "Vuela con el bádminton".	1
Funcionamento dos comedores escolares.	2
Premios José Cantero. I edición galega.	2
Premiados da campaña de animación á lectura María Moliner.	2
Axudas para actividades de alfabetización e formación de adultos.	2
Clara Campoamor.	2

**Portal Galego de
Contidos Educativos**

<http://www.edu.xunta.es/contidos>



FUNCIONAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 25 de xaneiro de 2007, aprobou un novo decreto polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non univer-

sitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Á súa vez, a Consellería xa está consensuando coas organizacións sindicais e coas federacións de APAs a orde pola que se regula a

organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

PREMIOS JOSÉ CANTERO. I EDICIÓN GALEGA

Convócanse os Premios José Cantero aos mellores traballos de segundo ciclo da ESO, Bacharelado e Ciclos Formativos de Grao Superior no ámbito das tecnoloxías e os seus im-

pactos sociais no curso 2006-2007. Concederanse 5 premios, que consistirán nun lote de material informático valorado en 1.230 euros, distribuídos da seguinte maneira: 550 euros

para o autor/a ou autores/as; 250 euros para o titor/a ou titores/as e 430 euros para o centro.

[Máis información.](#)

Plan Galego de Convivencia

<http://www.edu.xunta.es/convivencia>



PREMIADOS DA CAMPAÑA DE ANIMACIÓN Á LECTURA MARÍA MOLINER.

Concedidos os premios aos mellores proxectos da IX Campaña de Animación á lectura de María Moliner, convocados polo Ministerio de Cultura en colaboración coa Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e a Fundación Coca-

Cola España. O premio ao mellor proxecto de Animación á Lectura corresponde á Biblioteca Municipal do Porriño (Pontevedra), por *Tu Biblio TK: el mundo al alcance*. [Listaxe completa dos premiados.](#)



AXUDAS PARA ACTIVIDADES DE ALFABETIZACIÓN E FORMACIÓN DE ADULTOS

Orde do 12 de xaneiro de 2007 pola que se establecen axudas para o desenvolvemento de actividades que teñan como obxectivo alfabetizar ou elevar o nivel de formación básica e cualificación profesional da po-

boación adulta. A esta convocatoria poderán concorrer as corporacións locais e as institucións privadas sen ánimo de lucro legalmente constituídas da Comunidade Autónoma de Galicia. A contía máxima da axuda por

actividade non poderá ser maior de 6.000 euros e a contía máxima por solicitante 12.000 euros.

[\(DOG nº 16, do 23 de xaneiro de 2007\)](#)

Rede de Centros Bilingües



http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_linguas

CLARA CAMPOAMOR

Presentación da publicación *Clara Campoamor*, homenaxe no 75 aniversario da consecución do dereito ao voto feminino. O acto de presentación tivo lugar o 31

de xaneiro, no Pazo da Cultura de Pontevedra.

[Acceso ao documento.](#)

